

Regulamento de réxime interno das Residencias Universitarias Públicas da Universidade da Coruña

Aprobado polo Consello de Goberno do 19/07/2018

A disposición adicional quinta da Lei Orgánica 6/2001, do 23 de decembro, de universidades, dispón que as universidades poderán crear residencias universitarias de acordo co que dispoñan os seus Estatutos. O funcionamento destas residencias rexeráse polos estatutos de cada universidade e a súa normativa interna propia.

O presente regulamento ten por obxecto regular o réxime interno de funcionamento do servizo universitario de residencias.

A aceptación da praza na Residencia implica a absoluta conformidade coas normas establecidas no presente Regulamento.

Título preliminar

Artigo 1.- Definición

As Residencias Universitarias Públicas da UDC son residencias públicas de carácter mixto que se rexen pola lexislación universitaria, os Estatutos da Universidade da Coruña (UDC) así como as normas de carácter interno da UDC.

Artigo 2. Finalidade

As Residencias Universitarias Públicas da UDC teñen por finalidade prestar o servizo de aloxamento ao estudantado e demais membros da comunidade universitaria.

Este Regulamento ten por obxecto asegurar a convivencia interna, a hixiene, a seguridade así como a tranquilidade dos edificios e dos/as residentes, tanto nas zonas de uso privado como nas de uso común, e de maneira xeral a boa convivencia dos residentes e o normal funcionamento dos servizos comúns.

O presente Regulamento obriga e vincula xuridicamente a todos os residentes en canto usuarios/as das residencias.

Título primeiro. Dos órganos da residencia

Capítulo primeiro: da dirección e administración

Artigo 3. Dirección superior

A Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social será responsable de exercer a superior dirección e supervisión das Residencias do campus de Ferrol.

A Vicerreitoría con competencia de estudantes será responsable de exercer a superior dirección e supervisión das Residencias do campus da Coruña.

Artigo 4. Xestión

A xestión ordinaria da Residencia Pública de Ferrol estará ao cargo da Administración de Asuntos Económicos e Residencia Universitaria do Campus de Ferrol (UXAI-Esteiro), baixo a dirección da Vicerreitoría do Campus de Ferrol.

A xestión ordinaria das Residencias do campus da Coruña estará ao cargo da/o Administradora/o de Centros, baixo a dirección da Vicerreitoría con competencia en estudantes.

Artigo 5.- Funcións do/a Administrador/a:

Son funcións do/a Administrador/a:

- Resolver as cuestións que afecten ao seu funcionamento e réxime interno diario.
- Velar porque se cumpran as disposicións deste regulamento e ditar cantas instrucións sexan precisas para o seu desenvolvemento.
- Supervisar con carácter ordinario todos os servizos e coordinar o persoal adscrito ao centro.
- Atender a/os residentes para os efectos de recibir e resolver cantas iniciativas, suxestións e queixas que se lle presenten así como para facilitarlles información sobre cuestións que afecten a súa estancia no centro.

Capítulo segundo: do Consello de Residentes

Artigo 6.- Natureza e composición

O Consello de Residentes está integrado polo/a vicerreitor/a a cargo de cada residencia, ou persoa en quen delegue, polo/a administradora/a, e por catro representantes dos residentes. Exercerá a presidencia a vicerreitora ou vicerreitor, e a secretaría o/a administrador/a.

Artigo 7.- Representantes dos/as residentes.

Formarán parte do Consello de Residentes catro estudantes nomeados pola vicerreitoría a cargo de cada residencia, a proposta dos residentes. O tempo de representación será o período que vai desde outubro a xullo.

Artigo 8.- Réxime de convocatorias e funcións.

O Consello de Residentes reunirse unha vez cada cuadrimestre/semestre, agás que algunha circunstancia especial aconsellase unha convocatoria extraordinaria.

Serán funcións do Consello de Residentes:

1. Informar dos asuntos relacionados coa vida do centro, así como realizar propostas que afecten ás necesidades percibidas neste.
2. Informar nos supostos de imposición de sanción graves a algún residente.

Título segundo. Dos dereitos e deberes dos residentes

Artigo 9.- Dereitos

Son dereitos dos residentes:

1. O aloxamento durante o curso académico en condicións dignas e axeitadas.
2. A utilización dos servizos, instalacións e equipamentos da residencia, nas condicións sinaladas neste regulamento ou nas normativas emanadas da dirección do centro.
3. A liberdade de entrada e saída da residencia.
4. Formular ante a Administración cantas iniciativas, suxestións e reclamacións consideren oportunas.
5. Estar representados no Consello de Residentes de acordo coas disposicións deste regulamento.

Artigo 10.- Deberes

Serán deberes dos residentes:

1. O cumprimento deste regulamento e demais normas da universidade e da Administración do centro.
2. Respetar os dereitos dos demais residentes e persoas vencelladas ao centro.

3. Residir habitualmente na praza adxudicada e manter o cuarto e o seu mobiliario en perfecto estado de uso así como todas as zonas do centro.
4. Respetar o silencio nocturno do centro e dos seus arredores.
5. Satisfacer puntualmente as cotas mensuais correspondentes ao pagamento do estadia.
6. Asistir ás reunións do Consello de Residentes para o que foron nomeados.
7. Gardar o respecto e consideración debidas ás persoas residentes e ao persoal do centro.

Título terceiro. Dos servizos e das normas de convivencia

Artigo 11.- Servizos e equipamentos comúns

Os servizos, instalacións e equipamentos comúns da residencia son de uso persoal e exclusivo dos residentes. A Administración establecerá as normas de uso de ditos servizos e equipamentos comúns. Os residentes respectarán e coidarán os servizos, as instalacións e os equipamentos comúns nos lugares en que estean situados e para o uso que foron concebidos e serán responsables últimos da súa correcta utilización debendo responder coas súas fianzas dos danos que puidesen ocasionar.

Artigo 12.- Cuartos

Asignación do cuarto: a ocupación ou cambios dos cuartos farase de acordo cos criterios establecidos pola Administración.

Mobiliario: o mobiliario e demais obxectos que forman parte do cuarto, non poderán ser cambiados de emprazamento sen a oportuna autorización da dirección do centro. Está prohibido a perforación de paredes e mobles.

Entrada no cuarto: O residente obrígase a permitir a entrada no seu cuarto nos seguintes casos:

- Inundación, lume e demais circunstancias que razoablemente indiquen un serio perigo para as instalacións da residencia ou a integridade física das persoas que habitan nela.
- Limpeza, reparación e mantemento do cuarto.

Artigo 13.- Chave/tarxeta

1. Entrega: a cada residente seralle entregada unha chave da propia habitación e unha chave/tarxeta de acceso ás instalacións da residencia, no caso de que se dispoña deste servizo.
2. Perda: a perda da chave/tarxeta implicará o abono da mesma e no seu caso o abono correspondente ao cambio de pechadura.

Artigo 14.- Limpeza

Os residentes serán persoalmente responsables da limpeza do súa habitación. A Administración procederá regularmente a visitas técnicas do cuarto a fin de comprobar o seu estado de mantemento e limpeza. As datas das citadas visitas serán anunciadas cunha antelación mínima de sete días naturais mediante notificación por correo electrónico por parte da Administración. As visitas faranse sempre en presenza do/a residente. No caso de que no transcurso das repetidas visitas se detectasen defectos de mantemento ou limpeza, consignaranse nun informe que será remitido ao/a residente ou residentes ocupante/s da habitación en cuestión, con indicación do prazo no que deberán quedar reparados os defectos. O incumprimento deste prazo facultará á Administración para proceder por si mesma á reparación, con cargo ao/a ocupante ou ocupantes da habitación, sen prexuízo das consecuencias disciplinarias deste incumprimento.

Artigo 15.- Convivencia

Entre as 00:00 horas e as 8:00 horas respectarase o silencio nocturno en todo o centro e nos seus arredores, agás as actividades que teñan permiso expreso da Administración da residencia. Fóra do horario indicado, os residentes respectarán os dereitos dos membros e demais persoas vencelladas ao centro, evitando todo tipo de molestias.

Artigo 16.- Seguridade

O mal uso de calquera dos elementos que compoñan o sistema de seguridade da residencia (alarmas, extintores, lectores de tarxetas, etc.....) ou a inadecuada utilización das portas de emerxencia motivarán, ademais das sancións que puideran levar consigo, o abono dos custos de reparación, no seu caso.

Nos cuartos está prohibida a utilización de: bombas de gas ou de calquera líquido que poida resultar perigoso, fornello ou aparatos eléctricos de alta potencia.

O persoal de seguridade e o persoal responsable do centro poderá pedir a identificación de calquera persoa que se atope no interior da residencia, e no caso de non identificarse ou se estea ocasionando algún dano, solicitar que abandone o centro ou sancionar dita conduta se é residente. Así mesmo poderá impedir a entrada ao centro de calquera persoa que con anterioridade fora expulsada ou cando haxa indicios de que a súa presenza poida dar lugar a molestias para os residentes.

Título cuarto. Réxime sancionador

Artigo 17.- Contravención do regulamento

O incumprimento do regulamento ou das ordes ou instrucións dos órganos do centro poderá ser obxecto de sanción, de conformidade co réxime establecido neste título.

Artigo 18.-Faltas leves e graves

Son faltas leves as seguintes:

1. Manter na habitación utensilios pertencentes as zonas e servizos comúns da residencia se non media a autorización da dirección.
2. Utilizar os servizos comúns fóra dos horarios establecidos.
3. Infrinxir as normas sobre limpeza e hixiene das zonas comúns e das habitacións.
4. Ter animais nas habitacións.
5. Organizar ou participar en calquera actividade que perturbe a convivencia dentro da residencia ou calquera outra sen coñecemento e autorización da dirección.
6. A perturbación leve do silencio nocturno.
7. Incumprimento dos demais deberes establecidos neste regulamento cando non constituía falta grave.

Son faltas graves:

1. Incumprimento grave e manifesto das ordes, instrucións ou acordos dos órganos do centro ou da Universidade.
2. Non residir habitualmente e sen xustificación na praza adxudicada por períodos superiores a un mes.
3. Faltar ó respecto e consideración ós demais residentes e ó persoal do centro así como calquera outra persoa que estea vinculada ou se atope nel.
4. Ceder total ou parcialmente o uso das habitacións a persoas sen dereito a praza no centro.
5. Entrar e permanecer nunha habitación allea sen permiso do residente habitual.
6. Empregar incorrecta ou abusivamente as dependencias comúns.
7. A destrución ou deterioro intencionados dos bens inmobles, mobles ou utensilios da residencia ou de cada habitación.
8. A utilización da residencia e dos seus ben mobles e inmobles para fins distintos dos establecidos neste regulamento.

9. Impedir o desenvolvemento das funcións do persoal do centro ou restrinxir indebidamente o libre acceso dos usuarios ó servizo de aloxamento ou servizos complementarios do centro.
10. A perturbación grave do estudo e o descanso dos demais residentes e calquera outra alteración grave e reiterada do silencio nocturno.
11. Ter, consumir ou traficar, dentro do centro, con alcohol, substancias estupefacientes ou psicotrópicas.
12. A comisión, no ámbito da residencia de calquera conduta cualificada como falta grave pola normativa xeral de réxime disciplinario ou constitutivo de infracción penal.
13. A comisión de tres faltas leves.

Artigo 19.- Tipos de sancións

As sancións que se lles poderán impoñer ós residentes poderá ser:

No caso de comisión de faltas leves

- Apercibimento.
- Suspende o dereito a utilización dos servizos comúns.

No caso de faltas graves:

- Suspende, no exercicio dos dereitos como residente, a utilización dos servizos comúns.
- Expulsión temporal das residencias.
- Expulsión sen dereito ao reingreso en ningún centro propio ou concertado da UDC.

Artigo 20. Procedemento sancionador

A adopción das medidas previstas no artigo anterior por faltas graves levarase a cabo necesariamente mediante o correspondente procedemento disciplinario descrito no seguinte artigo.

No caso de faltas leves, a Administración do centro poderá acordar a imposición da sanción, trala audiencia do interesado/a que deberá serlle notificada a este.

Artigo 21.- Desenvolvemento do procedemento por faltas graves

O procedemento disciplinario iniciarase de oficio, xa sexa por iniciativa propia ou ben por denuncia.

Na tramitación do procedemento disciplinario respectaranse escrupulosamente as garantías derivadas dos principios de audiencia e contradición, o dereito de defensa da persoa conta a que se dirixa e a separación entre a fase de instrución e a de sanción.

Disposición adicional

Facúltase o vicerreitor ou a vicerreitora a cargo de cada residencia para elaborar as normas complementarias precisas para interpretar e desenvolver este Regulamento.

Disposición final

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.

Disposición Derrogatoria

Queda derogada calquera norma que se opoña ou interfira co aquí establecido, especialmente, na súa integridade, o Regulamento de réxime interno da residencia universitaria pública do Campus de Ferrol aprobado no Consello de Goberno do 23 de xullo de 2013.